Concello de Lugo

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000007.**

**Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores día 9 de febreiro de 2022**, **ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA LEGALIZACIÓN DAS CONSTRUCIÓNS E INTALACIÓNS DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA, CONSISTENTES EN NAVE DE CEBADOIRO, NAVES DE DESTETE, ALMACÉN E OUTRAS, ASÍ COMO FOXA DE XURRO SOTERRADA E SOLADO DE FORMIGÓN, EN SAN LOURENZO DE RECIMIL (exp. 2021/Y001/000104).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE DE USO INDUSTRIAL DE PLANTA BAIXA, SEN ACTIVIDADE DEFINIDA, NA VÍA J, PARCELA B.6, DO PARQUE EMPRESARIAL AS GÁNDARAS (Exp. 2019/Y001/000083).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIO DE VIVENDAS DE PLANTA BAIXA E TRES PLANTAS ALTAS, MEDIANTE A IMPLANTACIÓN DUN ASCENSOR CON CERRAMENTO DE VIDRO POLO PATIO INTERIOR DA EDIFICACIÓN, SITO NA RÚA DEPUTACIÓN, NÚMERO 3 (exp. 2021/Y001/000337 (2022/G004/000112)).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCIÓN DE FOXA DE XURRO CUBERTA, COMO AMPLIACIÓN DA EXPLOTACIÓN EXISTENTE NO LUGAR DE VILAR, PARROQUIA DE RECIMIL (exp. 2021/Y001/000076).

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**CONTRATACIÓN E PATRIMONIO**

5. ÚNICA PRÓRROGA PARA OS LOTES 1 E 2 RESPECTO DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE ALIMENTOS E OUTROS PRODUTOS NO FOGAR



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 08/02/2022)
Decreto Nº: 1295/2022 - Fecha de firma: 08/02/2022
Versión imprimible
CVD: G9IEI4E8mfJQHLFXFG6d
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
MURALLA patrimonio da humanidade

DO TRANSEÚNTE, EXP. REF. 2020-C004-000022, QUE VAI DENDE A DATA 5-02-2022 ATA 04-02-2023.

6. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR (XANTAR NO FOGAR) DO CONCELLO DE LUGO 2022, EXP. REF. 2021/C003/000022. ADXUDICACIÓN.

7. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN NO CONCELLO DE LUGO DA COPA DA RAÍÑA DE VOLEIBOL 2022.

8. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DAS OFICINAS DE INTERVENCIÓN SITAS NA CASA CONSISTORIAL.APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2021-C002-000061.

9. INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LUGO, POR INCREMENTO DE HORAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

**PERSOAL**

10. INCREMENTO RETRIBUTIVO DO 2% CON EFECTOS DO 01/01/2022, PREVISTO NA LEI 22/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2021.

11. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS NO POSTO DE TRABALLO XEFE DE SERVIZO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA DO CONCELLO DE LUGO.

12. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE 1 PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL NA PRÓXIMA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DESTE CONCELLO PARA O ANO 2022.

**SERVIZO DE FOMENTO**

13. INSTRUÍDO O EXPEDIENTE RELATIVO A SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

**<u>ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL</u>**



FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 08/02/2022)
Decreto Nº: 1295/2022 - Fecha de firma: 08/02/2022
Versión imprimible

CVD: G9IEI4E8mfJQHLFXFG6d
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**DESENVOLVEMENTO LOCAL**

14. APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS NO CONCELLO DE LUGO: RECOLLIDA DE MATERIA ORGÁNICA; COMPOSTAXE DE BIORRESIDUOS, E DA PRESENTACIÓN DOS MESMOS Á CONVOCATORIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVIENDA, DE CONCESIÓNS DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DESTINADAS Á MELLORA DA XESTIÓN DOS BIORRESIDUOS. FONDOS DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA.

15. APROBACIÓN PLAN ANTIFRAUDE PARA A XESTIÓN DE FONDOS EUROPEOS E NEXT XENERATION (PRTR).

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

**ROGOS E PREGUNTAS**

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**

FIRMADO POR 77594722J-Lara Méndez López (FECHA: 08/02/2022)
Decreto Nº: 1295/2022 - Fecha de firma: 08/02/2022
Versión imprimible

CVD: G9IEI4E8mfJQHLFXFG6d
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



MURALLA
patrimonio da humanidade